



FICHA ISAD(G) DA CAPELA DO CASTRO

1.- ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Código(s) de referencia	ES.GA.36057.AM.VIG.10
Título	CAPELA DO CASTRO
Datas	1659-ca. 1950
Nivel de descrición	Fondo
Volume e soporte	1 unidade de instalación con 28 expedientes ou agrupacións documentais en soporte papel na súa totalidade

2.- ÁREA DE CONTEXTO

Nome do produtor	Capela do Castro
<i>Historia administrativa (ISAAR)</i>	<p>A ermida de Nosa Señora da Asunción do Monte do Castro debeuse levantar nas últimas décadas do século XV, ao rematar as guerras entre o arcebispo de Santiago e Pedro "Madruga", no espazo onde se localizaba o antigo castelo de Penço. As crónicas contan que finalizadas estas loitas os veciños de Vigo conseguiron que o prelado compostelán ordenase derrubar a torre e cos restos da mesma construír a capela. No preito Tavera-Fonseca (1526) citan as testemuñas a existencia da ermida e a visita diocesana en 1529 reafirma a hipótese cronolóxica.</p> <p>Nos anos 1656-1667, cando se levanta a fortaleza do Castro, a capela quedou inserida dentro do primeiro recinto defensivo pero no século seguinte, no ano 1719, os morteiros ingleses derrubaron por completo a ermida orixinal. Tras iso procedeuse a unha reconstrución. O inventario realizado en 1761 recolle a suntuosidade de algunhas das doazóns que a ermida recibía, como obxectos de prata, unha imaxe da virxe da Concepción en ouro macizo, etcétera. O Concello de Vigo exercía de patrón da capela nestes anos, se ben a orixe do padroádego era descoñecida.</p> <p>A época de maior esplendor foi no século XVIII grazas o labor de Jacinta Valverde, ermitá entre 1720 e 1767, quen conseguiu grandes doazóns e esmolos para así acometer melloras e reparacións. Nos últimos anos do século XVIII e primeiras décadas do XIX a capela sofre repetidas perdas de xoias, ficando ademais case destruída durante a ocupación francesa. O Concello intentará dotar á capela dunha nova vida, máis se extingue o seu emprego nos anos vinte por pasar a servir como almacén de pólvora para a gornición da fortaleza.</p>
Institución arquivística	Arquivo municipal de Vigo
Historia arquivística	Este fondo estaba integrado nunha colección facticia denominada "Documentación relixiosa". Tras o proceso de reorganización dos fondos documentais do Arquivo



	municipal iniciado no ano 2020 procedeuse á súa individualización, dotándoo dun cadro de clasificación simple en base a dúas series documentais.
Forma de ingreso	Descoñécese, aínda que ao pertenceren o Concello ao padroádego entendemos que é resultado da acumulación da documentación por parte desta Institución.

3.- ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido	O fondo da Capela de Nosa Señora do Castro é un pequeno conxunto documental contido nunha única unidade de instalación, contando 25 rexistros e 0,08 metros lineais repartidos entre os anos 1659 e 1950. A maioría dos documentos son de carácter económico e contable. A pesar do seu escaso volume resulta de gran importancia para a historia local. O documento máis antigo, datado en 1659, é o "Nomeamento de Bartolomé del Campo coma ermitán da Capela de Nosa Señora do Castro"; pero de maior interese resulta o "Testamento de Jacinta Lorenza Pereira Valverde, ermitá da Capela de Nosa Señora do Castro", datado en 1761, a través do cal se pode coñecer parte da historia da capela e das súas fundacións, así coma as principais festas celebradas nela e o ritual das mesmas.
Valoración, selección e expurgo	Non se realizou ningún expurgo dado a pequena dimensión do fondo e o seu carácter patrimonial e de conservación permanente.
Novos ingresos	Non se esperan novos ingresos dado que se trata dun fondo pechado pertencente a unha institución desaparecida.
Organización	O fondo está organizado en dúas series documentais: > Expedientes da Capela do Castro (1659-1950) > Contabilidade da Capela do Castro (1685-1950)

4.- ÁREA DE CONDICIÓN DE ACCESO E UTILIZACIÓN

Condicións que rexen o acceso	Documentación patrimonial de libre acceso.
Condicións de reprodución	Reprodución libre a solicitude do interesado, coa excepción da protección documental e da salvagarda da súa integridade.
Notas da lingua/escritura dos documentos	Castelán
Características físicas e requirimentos técnicos	
Instrumentos de descrición	Catálogo informatizado dispoñible en www.atopo.depo.gal

5.- ÁREA DE DOCUMENTACIÓN ASOCIADA

Existencia e localización de orixinais	Non se coñece a existencia de orixinais fóra do arquivo municipal.
Existencia de localización de copias	Non se coñece a existencia de copias
Unidades de descrición relacionadas	



Nota de publicación	
6.- ÁREA DE NOTAS	
Notas	
7.- ÁREA DE CONTROL DA DESCRICIÓN	
Notas do arquivado	Descrición realizada polo persoal técnico do Arquivo municipal de Vigo e colaboradores
Notas do arquivado	Primeira versión: Xaneiro de 2021 Segunda versión: Setembro de 2021
Regras ou normas	General International Standard Archival description, Second Edition, ISAD (G) Norma Galega de Descrición Arquivística (NOGADA)
Data da descrición	Xaneiro de 2021
Estado de elaboración	Borrador
Nivel de detalle	Parcial
Idioma	Galego
Fontes	